

O QUE PASABA EN 1997

NO MUNDO:



Gran Bretaña devolve Hong Kong a China despois de 156 anos de ocupación.

O robot Sojourner percorre a superficie de Marte e comproba que o planeta vermello é similar á Terra.

O Exército de Perú asalta a embaixada xaponesa en Lima, ocupada durante 126 días por 14 guerrilleiros do Movemento Revolucionario Tupac Amaru.


A princesa de Gales, Lady Di, morre nun accidente de tráfico en París.

Islamistas radicais causan o pánico en varias poboacións de Arxel.

Escocia e Gales aproban por referéndum a creación dos seus primeiros parlamentos autónomos do Reino Unido.

Terroristas islámicos asasinan a 67 turistas nun templo da cidade exipcia de Luxor.

EN GALICIA:



O Partido Popular gaña por terceira vez as eleccións ao parlamento galego e Manuel Fraga é nomeado por terceira vez presidente da Xunta.

O BNG pasa a ser a principal forza da oposición política con 18 deputados.

Román Raña publica o libro de poemas "Ningún camiño".

O día das Letras é adicado a Anxel Fole.



EN ESPAÑA



O Tribunal Supremo condea a sete anos de prisión á Mesa Nacional de H. B. por colaboración con banda armada.


Prodúcense centos de manifestacións en toda España para condenar o asasinato de Miguel Angel Blanco por ETA.

España ingresa na estrutura militar da OTAN.

Bilbao abre o Museo Guggenheim de arte contemporánea.



EN ELVIÑA:



Curso 97-98

Baixo o lema "En galego estamos no mundo", desenvólvese unha ampla campaña de recuperación do noso idioma.

Baixo o lema "Ser solidario é unha lata", o Instituto acumula aluminio para un labor benéfico de Unicef. Campaña de recollida de xogueteiros en colaboración

coa parroquia S. Cristobo das Viñas.

Asistimos á marcha mundial contra a explotación da infancia e as minas, no Día Escolar pola Paz e Non Violencia.

No 1º Certame de Teatro Escolar, o noso IB recibe varios premios:

Primeiro premio xuvenil: Grupo Sardiña.
Mellor actor secundario: César Romero Pose.
Accesit actriz principal: Lucía Regueiro Taboada.
Mellor actor principal xuvenil: Alfonso Rodríguez Morales.

Un grupo de alumnos de 1º representan a obra "Amor bufo", dirixida por Lucía Regueiro Taboada.

O noso Centro participou no Proxecto de Radio Escolar, organizado polo Centro de Recursos Didácticos da Comunidade Autónoma.

A alumna Azucena López Candocia recibe a medalla na Olimpíada de Física, fase galega.

